

Ο ΚΥΚΛΩΨ

1.-GRAMÁTICA BÁSICA

Continuaremos afianzando a declinación atemática, caracterizada pola ausencia de vogal temática. Por tanto, ao non ter este elemento regulador, caben nela todo tipo de temas. A meirande parte das palabras son animadas (masc. e fem.) sen que en principio se poida saber o xénero (lembra ἢ/ὁ παῖς), pero tamén atoparemos algún neutros.

Temos unas características básicas:

	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom	-ς/along.	-ες/α
Voc.	-ς/along.	-ες/α
Acus	-ν/α	-ας/-α
Xent	-ος	.ων
Dat.	-ι	-σι

Lembra:

- Os neutros teñen os tres casos rectos iguais e no singular van ter tema puro (non alongan nin toman -ς) e no plural van ter como en todas as linguas ide.-α
- Os animados no nom. sing. ou toman -ς ou alongan a vogal.
- No xent. de sing. poderemos atopar a desinencia alterada, tendo ademais de -ος, -ως e -ους

Temas en oclusiva

labial(β,π,φ)+σ=ψ
 dental(δ,τ,θ)+σ = ς
 gutural(γ,κ,χ)+σ = ξ

1) dental

Os masc. e fem. toman -ς no nom. Os neutros tema puro. Pero aprende: unha dental non pode ser final de palabra. dental ante -ς asimílase (desaparece). Repasemos dous temas dos que xa vimos case todas as súas formas en leccións anteriores (πρὸς τῆ κρήνη, ὁ μῦθος)

	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom.	παῖ-ς	παῖδ-ες
Voc.	παῖ-ς	παῖδ-ες
Acus.	παῖδ-α	παῖδ-ας
Xent.	παιδ-ός	παιδ-ῶν
Dat.	παιδ -ί	παι-σί

	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom.	ὄνομα	ὀνόματ-α
Voc.	ὄνομα	ὀνόματ-α
Acus.	ὄνομα	ὀνόματ-α
Xent.	ὀνόματ-ος	ὀνομάτω
Dat.	ὀνόματ-ι	ὀνόμα-σι

2) labial

Precisamente o nome da lección é un tema en labial: o cíclope. Non temos neutros deste tipo, só masculinos e femininos. Lembra que temos un signo para grafar dous sons (bd,ps,fs): ψ. Isto vai suceder no nominativo e vocativo de singular e tamén no dativo plural.

2	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom.	φλέψ	φλέβ-ες
Voc.	φλέψ	φλέβ -ες
Acus.	φλέβ-α	φλέβ - ας
Xent.	φλεβ-ός	φλεβ-ῶν
Dat.	φλεβ-ί	φλεψί

3) gutural

Vai suceder o mesmo, pero coa -ξ como resultado (sáenos nesta lección: αἴξ αἰγός). Tampouco temos neutros.

3	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom.	φύλαξ	φύλακ -ες
Voc.	φύλαξ	φύλακ -ες
Acus.	φύλακ-α	φύλακ- ας
Xent.	φυλακ-ός	φυλακ - ῶν
Dat.	φυλακ -ί	φυλαξί

Temas en nasal

Se son masc./fem. adoitan alongar a vogal no nominatvo (non por exemplo ρίς, ριν-ός). Pero tamén pode suceder que a vogal da raíz xa fose longa, como en χειμών χειμών-ος (p. 256 da gr. de ref.). Aquí imos atopar un grupo importante de adxetivos que van ter unha terminación para masc./fem. e outra para o neutro (σώφρων σῶφρον p.258 gr. ref.) Hai que lembrar que a -ν ante a -σί do dat. de plural asimíslase (desaparece). δαίμων δαίμονος, dat. de pl. δαίμοσι.

Nesta lección imos estudar τις τινός que será interrogativo ou indefinido segundo se acentúe: o interrogativo é sempre grave. O indefinido, que xa che apareceu no tema anterior (εἰς νῆσόν τινα) é enclítico.

	<i>Singular</i>	<i>Plural</i>
Nom	τίς	τίν-ες
Acus	τίν-α	τίν-ας
Xent	τίν -ος	τίν-ων
Dat.	τίν -ι	τί -σι

Finalmente comezaremos a ver con certa frecuencia pronomes.

Pronome demostrativo: οὗτος αὕτη τοῦτο (ese, esa iso p-261 gr. ref.)

Pronomes reflexivos de 1ª pers. ἐμαυτόν -ήν, de 2ª pers. σεαυτόν -ήν, e de 3ª persoa: ἑαυτόν -ήν (p-262 gr. ref.)

Xa viramos alguna forma (Diceópolis érguese (a si mesmo/ ἑαυτόν).

Non teñen nominaivo.